



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de toma de posesión de Dositeo Rodríguez Rodríguez como conselleiro do Consello de Contas de Galicia

Parlamento de Galicia, 9 de xullo de 2013 // 11.00 h.

Presidente da Xunta de Galicia,
Delegado do Goberno en Galicia,
Conselleiros,
Membros da Mesa e Portavoces,
Presidente Albor,
Valedor do Pobo,
Fiscal Superior de Galicia,
Presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as
Relacións co Consello de Contas,
Presidente e conselleiros do Consello de Contas,
Deputados e deputadas,
Señoras e señores:

O Consello de Contas de Galicia, institución herdeira da *Contaduría Mayor de Cuentas* do século XV, foi creado polo artigo 53.2 do noso Estatuto de Autonomía, coa función de asegurar a rendición de contas da Comunidade Autónoma, para que sexan sometidas a aprobación deste Parlamento; e así se fai dende hai xa 22 anos.

Nun momento de crecente desapego entre os cidadáns e as institucións públicas, o eficaz funcionamento dos órganos de control constitúe, probablemente, un dos elementos que máis pode contribuír a restaurar a confianza dos administrados respecto das institucións.



E, xa que logo, o rigor e a transparencia esixibles sempre a quen administra cartos públicos teñen que visualizarse, reforzarse e intensificarse, porque se o axeitado funcionamento das institucións de control externo resulta imprescindible en toda circunstancia, non é menos certo que o traballo que ten encomendado o Consello de Contas cobra especial relevancia no momento actual.

Como xa teño dito, creo reflectir o sentir unánime dos representantes do pobo de Galicia, de todos os deputados e deputadas, ao expresar o firme apoio do conxunto da Cámara ao bo funcionamento do Consello de Contas. Unha institución que ten gañado un merecido prestixio pola calidade dos seus informes e pola profesionalidade de todos os seus membros.

As máis de dúas décadas transcorridas desde a posta en funcionamento do Consello de Contas convertérono en acredor da confianza social, ao tempo que foi gañando en axilidade e eficacia.

Por iso, a recente designación de Dositeo Rodríguez Rodríguez como conselleiro do Consello de Contas de Galicia constitúe un paso máis nesa estratexia de recuperación da confianza á que antes fixen referencia.

Deixando á marxe a súa acreditada experiencia política, é o certo que a súa dilatada traxectoria profesional como interventor do Estado, censor xurado de contas, auditor, inspector de Finanzas e outra longa nómina de responsabilidades (que non citarei para evitar estenderme en exceso), me fan afirmar que Galicia e o seu Consello de Contas merecen os parabéns pola incorporación de Dositeo Rodríguez como conselleiro deste Consello.

Alégrome, pois, por Galicia e pola institución á que, como sempre, servirá con profesionalidade, imparcialidade e, estou segura, entrega sen límites.



Non quixera rematar esta intervención sen ter unha lembranza afectuosa para José Antonio Orza, ata hai pouco tempo conselleiro do Consello de Contas, que deixou tras de si unha pegada imperecedeira na memoria individual e colectiva de todos nós e de todos os que tivemos a sorte de traballar ao seu carón.

E remato como comecei. Necesitamos institucións fortes, transparentes, eficaces e eficientes, que cumpran satisfactoriamente coa misión que lles foi encomendada. É o caso do Consello de Contas, reforzado desde hoxe coa incorporación dun novo conselleiro, ao que desexamos sorte no seu labor. O seu éxito será tamén o éxito de Galicia.

A todos, moitas grazas.

Queda clausurado o acto de toma de posesión de D. Dositeo Rodríguez como conselleiro do Consello de Contas de Galicia.

(HIMNO GALEGO)